

**Xabier Pérez Igrexas, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, ao abeiro do artigo 54.2 do Regulamento Orgánico do Pleno,**

Formula á XUNTA DE PORTAVOCES, para a súa elevación ao vindeiro Pleno ordinario, a seguinte proposta de

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

*POLO MANTEMENTO DOS 8 XULGADOS DE INSTRUCCIÓN E A  
APLICACIÓN DAS GARDAS XUDICIAIS DE 24 HORAS EN VIGO*

A administración de Xustiza constitúese nun servizo de carácter esencial para o conxunto da cidadanía para dotar de plena eficacia os seus dereitos e actuar perante as accións e comportamentos contrarios á Lei. Para desenvolver plenamente as súas funcións, a Xustiza precisa dotarse de órganos e medios suficientes para unha administración áxil, que atenda tamén de maneira especializada cos recursos precisos fenómenos como a grave lacra das violencias machistas.

Ademais, tal e como está previsto a nivel normativo, a implantación de sistemas de gardas xudiciais de 24 horas é un instrumento útil na mellora do servizo público de Xustiza permitindo unha maior axilidade, motivo polo que o Pleno do Concello de Vigo ten acordado en reiteradas ocasións a súa demanda para os xulgados da cidade.

Con base no anterior, o Pleno do Concello de Vigo acorda expresar a través desta declaración institucional, da que dará traslado ás administracións competentes, o seguinte:

**Primeiro.-** Apoiar a creación dun novo Xulgado de Violencia sobre a Muller na nosa cidade.

**Segundo.-** Esixir o mantemento dos oito xulgados de instrución existentes.

**Terceiro.-** Urxir a inmediata aplicación do sistema de gardas xudiciais de 24 horas nos xulgados de Vigo.

**Vigo, Galiza, a 24 de xuño de 2025.**

*Asdo.:*



SR. ALCALDE-PRESIDENTE, D. Abel Caballero Álvarez

**CONCELLO DE VIGO**